

O que Ramón fixo en relación coa mocidade galega universitaria deses anos, nun esforzo por galeguizala, por comprometela na causa galega, por asegurar a continuidade do galeguismo, foi das poucas cousas importantes que tiveron lugar na Galicia da posguerra.

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE  
*Os anos escuros*


Dedicou corenta anos da súa vida, con dedicación exclusiva, a explicar, a quenquer que petase na súa porta, a asignatura de Galicia: o que foi e o que debería ser. Ramón Piñeiro instalou unha cátedra socrática á que asistiron naqueles anos case todos os que hoxe contan e pensan no ámbito da cultura e do pensamento de Galicia.

XESÚS ALONSO MONTERO  
*Homenaxe a Ramón Piñeiro*



En Xelmírez 15, o tempo non existía. O sol ía correndo ao longo da galería ata desaparecer detrás dos tellados da Rúa Nova. Don Ramón, de costas á luz, parecía alleo a aquel transcorrer das horas.

MARINA MAYORAL  
*Homenaxe a Ramón Piñeiro*



**O gabinete** de Ramón Piñeiro no seu domicilio compostelán é un lugar emblemático do galeguismo da segunda metade do século XX. Alí, arredor da mesa de braseiro, realizou unha boa parte do seu papel de mestre e animador de xeracións de galegos e galegas que, nos anos escuros do franquismo, contaban con escasas posibilidades de recibir información sobre a cultura e a causa galega, o seu pasado, a súa difícil marcha durante a ditadura e as súas perspectivas de continuidade.

*Ramón Piñeiro*

Fotografías  Documental  Audio de textos



—¿Canta xente pasou por este cuarto?

—Ás veces penso que o meu labor non foi máis que ese: recibir xente neste cuarto, arredor desta mesa, e deixala falar, escoitala.

—¿Que viñan preguntando?

—Querían saber que pasara, o que non estaba escrito nin se podía escribir aínda. Ás veces xentes amigas téñenme feito o reproche de ter escrito pouco, mais o certo é que durante moitos anos tiven que lle dar preferencia a outro labor máis importante que o de escribir eu: facer que escribisen os demais.

VÍCTOR F. FREIXANES  
*Unha ducia de galegos*



Con Fermín Penzol, 1957

